



# **ANEXO ORGANIZATIVO**

## **CONFERENCIA DE MOCIDADE**

### **S. N. DE CCOO DE GALICIA**

**(25 de marzo de 2020)**

**Aprobado na reunión da Comisión Executiva Nacional celebrada o 9 de xaneiro de 2020**



## Anexo do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia ás Normas da Conferencia Confederal de Mocidade

A Comisión Executiva do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (en diante CEN), na súa reunión do 9 de xaneiro de 2020, aprobou o seguinte anexo ás Normas da Conferencia Confederal de Mocidade aprobadas polo Consello Confederal.

### Convocatoria da Conferencia do S. N. de CCOO de Galicia

De acordo co establecido na disposición xeral primeira das Normas da Conferencia Confederal de Mocidade de CCOO, a CEN estableceu o día 25 de marzo de 2020, ás 16:00 h. para a celebración da súa Conferencia Congressional en Santiago de Compostela no Mesón Los Robles (carretera da Estrada).

### Composición da Conferencia

- Os membros do Consello Nacional forman parte de pleno dereito da Conferencia previa.
- As delegacións que participarán na Conferencia do S. N. serán as seguintes:
  - Federación de CCOO de Construción e Servizos
  - Federación de Ensino de CCOO
  - Federación de CCOO de Industria
  - Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios de CCOO
  - Federación de Servizos de CCOO
  - Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO

O calendario das asembleas de primeiro nivel é o que segue:

CeS	13 febreiro 2020
Ensino	14 febreiro 2020
FSC	20 febreiro 2020
Servizos	20 febreiro 2020
Sanidade	26 febreiro 2020
Industria	28 febreiro 2020

- Participación na Conferencia Congressional do S. N. segundo o Anexo aprobado polo Consello Confederal:

C. C. DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA				
ORGANIZACIÓN	MEDIA AFILIACIÓN	MEDIA AFILIACIÓN		Delegación á Conferencia de Galicia por ramas
CeS	141	8,92	6,34	6
FSC	356	22,53	16,00	16
Servizos	324	20,51	14,56	15
Ensino	113	7,15	5,08	5
Industria	478	30,25	21,48	21
Sanidade	168	10,63	7,55	8
TOTAIS	1.580	100,00	71	71
CONSELLO NACIONAL	<b>O C. N. de Galicia son 75 pero no momento da extracción de datos só figuraban 71</b>		71	75 <sup>(1)</sup>
TOTAL				146

<sup>(1)</sup> Neste momento están elixidas 72 persoas no Consello Nacional.



## Orde do día da Conferencia

Na Conferencia do S. N. de CCOO de Galicia elixírase a delegación que asistirá á Conferencia Confederal de Mocidade que, segundo o Anexo aprobado polo Consello Confederal é:

ORGANIZACIÓN	MEDIA AFILIACIÓN	Delegación para elixir na Conferencia de Galicia
S. N. de CCOO Galicia	1581	3 persoas electas

Tamén participarán:

Representantes do S. N. de CCOO de Galicia no Consello Confederal e o secretario de Xuventude de Galicia	4
	1
TOTAL	5 persoas

Ademais, someteranse a debate e emenda os relatorios confederais.

## Mesa da Conferencia

1. Na sesión de apertura da Conferencia constituirase a mesa presidencial coas persoas que fosen elixidas regulamentariamente; entre elas elixirán unha persoa secretaria. A presidencia da Conferencia previa desempeñaraa a correspondente Secretaría Xeral.

A Secretaría de Organización da Comisión Executiva informará o pleno da conferencia do nome das persoas elixidas en cada ámbito para formaren parte da mesa da conferencia, chamaraas para que se reúnan e para que, entre elas, elixan a secretaria.

### Os criterios para a composición son:

- \* Unha persoa de cada unha das dúas federacións con maior número de afiliadas e afiliados menores de 31 anos.
- \* Unha persoa de cada unha das dúas unións comarcais con maior número de afiliadas e afiliados menores de 31 anos.
- \* Dúas persoas da Comisión Executiva Nacional, entre as que se atopará o secretario xeral, que será quen presida a Conferencia do S.N.
- \* Ata un máximo de tres persoas elixidas pola Comisión Executiva Nacional, conforme a conveniencia de que formen parte da presidencia organizacións de reducida cotización ou en representación de sectores específicos de traballadores/as.
- \* As persoas procedentes das unións e federacións serán elixidas previamente pola respectiva delegación.
- \* Procurarase que a conformación final da mesa reflicta a paridade de xénero.
- \* A mesa elixirá entre as persoas que a compoñen aquelas que desempeñarán as funcións de secretaria e moderadoras.
- \* A presidencia da Conferencia previa desempeñaraa o secretario xeral do S. N.



2. A presidencia terá a función de dirixir e moderar os debates, se for o caso, ler as propostas de resolución; establecer os tempos para as distintas intervencións e sometelas a votación; recibir e confirmar a recepción das candidaturas e de todo tipo de documentos que lle sexan presentados; comunicar as correccións que se deban realizar, sendo o presidente da Conferencia o seu portavoz.

A presidencia das conferencias contará coa asistencia da comisión técnica.

3. Cada delegación elixirá un presidente ou presidenta que actuará como portavoz desta cando emita a súa opinión.
4. As federacións enviarán á Secretaría de Organización do Sindicato Nacional, nun prazo máximo de dous días desde a súa celebración, as actas das súas respectivas asembleas previas, que deberán conter as emendas que houbo nelas respecto dos documentos da Conferencia Confederal, así como os nomes das persoas delegadas elixidas, coa desagregación numérica por xénero. Figurarán tamén o nome do presidente ou presidenta da delegación. Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada.
5. Os debates da Conferencia de Mocidade do S. N. celebraranse en sesión plenaria. Para facilitar os debates en plenario seguiranse as seguintes normas:
  - a) Antes do 12-3-2020 celebraranse reunións de portavoces de cada delegación, así como dos e das portavoces das posicións minoritarias con máis do 20 por 100 dos votos de cada delegación, xunto coas persoas compoñentes da comisión de relatorios nomeada pola Comisión Executiva Nacional.
  - b) Na citada reunión, consensuaranse as emendas ou modificacións aprobadas aos textos propostos nas asembleas previas que se asuman, así como os textos transaccionais.
  - c) As restantes emendas ou modificacións non asumidas ou froito de transaccións quedarán pendentes para ser debatidas nas sesións plenarias da Conferencia. Iso permitirá que, de acordo coa presidencia da Conferencia, se distribúan os tempos de defensa de emendas e texto proposto máis amplos, así como a existencia de varias quendas a favor e en contra, de xeito que o plenario da conferencia poida coñecer do debate e emendas máis substantivas expostas sobre os textos propostos.
  - d) No caso de que algunha delegación se mostre maioritariamente desconforme con algunha emenda asumida ou que fose obxecto de transacción na reunión previa de portavoces coa comisión de relatorio, poderán requirir da mesa presidencial tempo para defender o texto orixinal fronte á emenda ou texto obxecto da transacción.
6. Todos os acordos da Conferencia adoptaranse por maioría simple.



## DISPOSICIÓN FINAIS

**Primeira.** As organizacións superiores de rama, de territorio e os órganos de dirección da C. S. de CCOO teñen o dereito e a obriga de colaborar e seguir os procesos de toda estrutura organizativa das súas organizacións.

**Segunda.** O incumprimento grave do establecido nestas normas facultará a estrutura organizativa superior para asumir a dirección do proceso concreto.

A representación do órgano superior que asista á Conferencia de Mocidade do S. N., ante incidencias moi graves que impidan o seu desenvolvemento regular, poderá acordar a suspensión desta. Neste suposto, a persoa representante comunicará con urxencia a decisión ao órgano de dirección superior, o cal, en reunión convocada no prazo de tres días, confirmará ou revogará o acordo. Todo iso, sen prexuízo das competencias da CIN.

**Terceira.** Para o coñecemento xeral da afiliación, na páxina web do S. N. de CCOO de Galicia ([www.galicia.ccoo.es](http://www.galicia.ccoo.es)) informarase do desenvolvemento do proceso, independentemente das comunicacións colectivas e individuais que correspondan.

**Cuarta.** Este Anexo, xunto coas Normas confederais e os Estatutos confederais, son as regras básicas do procedemento para celebrar a Conferencia de Mocidade do S. N. e as Normas congresuais do 11 Congreso Confederal serán regras supletorias.

**Quinta.** Unha vez aprobado pola Comisión Executiva Nacional, este Anexo poderá ser obxecto de impugnación polo procedemento extraordinario de urxencia ante a Comisión de Garantías Confederal, polo único e exclusivo motivo da vulneración dos principios de democracia interna recoñecidos nos estatutos. A impugnación hase presentar no improrrogable prazo de 5 días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Sindicato Nacional de CCOO ([www.galicia.ccoo.es](http://www.galicia.ccoo.es)).



## **ANEXO I**

### **PROCEDIMIENTO DE RECLAMACIONES NO MARCO DA CONFERENCIA CONFEDERAL DE MOCIDADE DE CCOO**

- 1) Todas as reclamacións sobre desenvolvemento da Conferencia Confederal de Mocidade formalizaranse por escrito ante a Comisión Confederal de Interpretación de Normas, no prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto do proceso electoral contra o que se reclama, agás que nas normas se indique expresamente outra cousa.
- 2) Esta CIN Confederal disporá dun prazo de dous días —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar, agás que nas normas se indique expresamente outra cousa.
- 3) As resolucións da Comisión Confederal de Interpretación de Normas resolvendo as reclamacións son definitivas e executivas.

### **CRITERIOS COMÚNS**

- a) Para os efectos de computar os prazos, todos os días se consideran hábiles agás os domingos e festivos (entendendo por estes os días festivos do Estado, comunidade autónoma e locais do ámbito xeográfico da persoa reclamante).
- b) Nas reclamacións apuntaranse inescusablemente os datos identificativos das persoas que reclaman (nome e apelidos, número de DNI, enderezo, así como o número de teléfono móbil e enderezo do correo electrónico, para a práctica de toda clase de comunicacións polos devanditos medios). Dado o carácter urxente e extraordinario do procedemento de reclamacións, a persoa reclamante deberá asegurarse de que ten dispoñibilidade para recibir as correspondentes notificacións dentro dos prazos que se sinalan nestas Normas.

Estas reclamacións serán presentadas por escrito asinado pola persoa reclamante no domicilio da Comisión Confederal de Interpretación de Normas por calquera medio (correo electrónico, persoalmente, fax ou outros) que permita que sexan rexistradas dentro do prazo habilitado para a súa presentación. Non se admitirán reclamacións que non sexan recibidas na Comisión competente dentro do prazo sinalado.

- c) As reclamacións ante a CIN Confederal enviaranse a:

Comisión de Interpretación de Normas da CS de CCOO  
c/ Fernández de la Hoz, 12-3.<sup>a</sup> planta (Secretaría de Organización) 28012  
Madrid. Correo electrónico cinrr@cco.es



- d) No escrito de reclamación, ao que se acompañarán os documentos que conveñan ao dereito da persoa reclamante, enumeraranse de forma clara e concreta os feitos sobre os que se reclama e todo aquilo que, segundo as normas, resulte imprescindible para resolver as cuestións expostas; así mesmo, expresarase claramente a petición concreta da reclamación sobre a que a CIN debe resolver.
- e) Dado o carácter extraordinario e urxente do procedemento de reclamacións, só serán atendidas as reclamacións ou recursos que se presenten ante a CIN Confederal segundo as Normas; serán rexeitadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran este requisito esencial. Así mesmo, serán desestimadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran os requisitos que se apuntan nestas normas.
- f) A todas as reclamacións ou recursos asignaráselles un número de referencia e quedarán debidamente rexistradas na CIN Confederal e confirmarase a recepción da reclamación ou recurso.
- g) Sen prexuízo do anterior, e para o exclusivo suposto de que a persoa reclamante entendese que se vulneraron os principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos, poderá recorrer a resolución declarada definitiva e executiva ante a Comisión de Garantías polo procedemento extraordinario de urxencia (art. 34.4 dos Estatutos confederais). A interposición destes recursos non interromperá o desenvolvemento do proceso.



## ANEXO II MODELOS DE ACTAS

### ACTA DA ASEMBLEA DE INSCRITOS E INSCRITAS PARA A CONFERENCIA DA MOCIDADE CELEBRADA EN:

1. Rama .....
2. Localidade..... Comarca .....
3. Data .....
4. Número de afiliados e afiliadas a CCOO.....  
Mulleres ..... Homes .....
5. Numero de inscritos e inscritas asistentes.....  
Mulleres ..... Homes .....
6. Órgano superior asistente .....
7. Orde do día da asemblea:
  - 1.º .....
  - 2.º .....
  - 3.º .....
8. Composición da mesa presidencial da asemblea:  
Presidencia.....  
Secretaría.....  
Vogalía: .....
9. Elección de delegados e delegadas elixidos para a Conferencia da Mocidade do ámbito superior  
Votos obtidos por candidatura:  
Candidatura A.....  
Candidatura B.....  
Candidatura C.....  
Número total que corresponde elixir .....
10. Delegadas e delegados elixidos para a Conferencia da Mocidade do ámbito superior

**Titulares:**

N.º orde	DNI	Nome	1.º apelido	2.º apelido







**Suplentes:**

<b>N.º orde</b>	<b>DNI</b>	<b>Nome</b>	<b>1.º apelido</b>	<b>2.º apelido</b>

**11. ANEXO 1.** Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e emendas votadas maioritariamente, con expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo I).

**12. ANEXO 2.** Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 % esixido dos votos, con expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo II).

**13. ANEXO 3.** Como tal anexo, xúntanse os textos das resolucións da Conferencia.

**14.** Como secretario/a da Mesa, fago constar (relatar brevemente calquera outra circunstancia relevante):

.....  
.....

**Sinaturas das persoas que compoñen a Mesa da asemblea:**

**O/A presidente/a**

**O/A secretario/a**

**Vogais**



## Anexo 1.

### Textos do debate e emendas maioritarias <sup>(1)</sup>

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia das emendas maioritarias:

1.<sup>a</sup> (Texto)

#### Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

2.<sup>a</sup> (Texto)

#### Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

3.<sup>a</sup> (...)

<sup>(1)</sup> De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.



## Anexo 2

### Emendas que acadaron o 10 % dos votos esixibles pola normativa<sup>(2)</sup>

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia literal das emendas minoritarias:

1.<sup>a</sup> (Texto)

#### Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

2.<sup>a</sup> (Texto)

#### Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

3.<sup>a</sup> (...)

<sup>(2)</sup> De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.



### Anexo 3

#### Resolucións da Conferencia

**Xúntanse os textos das resolucións cuxas votacións foron:**

1. Resolución sobre (citar o tema obxecto da resolución)

Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

2. Resolución sobre (citar o tema obxecto da resolución)

Votación:

Votos a favor.....

Votos en contra.....

Abstencións.....

TOTAL.....

(...)

